

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10195 *Real decreto 777/2020, do 25 de agosto, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material.*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material creouse ao abeiro do Decreto 92/1961, do 26 de xaneiro, polo que se constitúen os colexios oficiais de enxeñeiros de armamento, e os seus estatutos xerais foron aprobados pola Orde do 13 de marzo de 1962 e, posteriormente, modificados pola Orde do 13 de xaneiro de 1972.

Ante a dispersión normativa existente até 1974 en materia de colexios profesionais, aprobouse a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro, de normas reguladoras dos colexios profesionais, que os configura como corporacións de dereito público. Así mesmo, o artigo 36 da Constitución española prevé un mandato constitucional ao establecer que a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais, cuxa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

Posteriormente, tiveron lugar outras modificacións neste ámbito, a través da Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de colexios profesionais, e do Real decreto lei 6/2000, do 24 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia no mercado de bens e servizos.

Por outra parte, co obxectivo de impulsar a mellora da regulación do sector servizos en Europa, foi aprobada a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior. A transposición da dita directiva deu lugar a un proceso lexislativo iniciado coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e, posteriormente, coa Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que teñen como finalidade establecer como réxime xeral o da liberdade de acceso ás actividades e o seu libre exercicio en todo o territorio español. Estas normas afectan, entre outros moitos, o ámbito dos colexios profesionais e, concretamente, o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material, no ámbito da actividade privada dos ditos enxeñeiros, en que, se for o caso, poderá imporse por lei a colexiación obrigatoria, dado que a colexiación non é requisito para o exercicio das capacidades profesionais dos membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 42.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Por isto, tanto para adaptar os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material á recente evolución lexislativa como para incorporar as novidades que supón a lexislación derivada da chamada Directiva de servizos, cómpre a aprobación deste real decreto.

Durante a tramitación deste real decreto solicitáronse os informes dos ministerios da Presidencia, de Economía e Facenda e de Política Territorial e, posteriormente, a aprobación previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e o informe do Ministerio de Economía e Competitividade.

Por todo o anterior, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto consta incluído no plan anual normativo de 2020.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de agosto de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material, en diante, o Colexio, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Competencias das comunidades autónomas.*

A regulación contida nos estatutos aprobados por este real decreto enténdese sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan constituír, ao abeiro das súas competencias, colexios de enxeñeiros de armamento e material nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Disposición transitoria única. *Permanencia transitoria dos membros dos órganos reitores.*

Os membros dos órganos reitores do Colexio, na data de aprobación destes estatutos, permanecerán nos seus cargos até a conclusión do período de tempo para o cal foron elixidos, e as vacantes que se produzan cubriranse de acordo coa nova normativa estatutaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 13 de marzo de 1962 pola que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros de armamento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de agosto de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ

ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS DE ARMAMENTO E MATERIAL

CAPÍTULO I

Disposicións xeraisArtigo 1. *Natureza.*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material, en diante, o Colexio, creado polo Decreto 92/1961, do 26 de xaneiro, é unha corporación de dereito público de carácter nacional, recoñecida e amparada polo artigo 36 da Constitución española, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 2. *Relacións coa Administración pública.*

O Colexio relacionarase coa Administración a través do Ministerio de Defensa.

Artigo 3. *Réxime xurídico.*

O Colexio rexerese pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, por estes estatutos, as súas normas propias e demais lexislación aplicable. Os acordos, decisións e recomendacións do Colexio tomaranse tendo en conta os límites da Lei 15/2007, do 2 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 4. *Composición e colexiación.*

1. Poderán incorporarse ao Colexio os enxeñeiros de armamento e material con título expedido polo Estado español, así como os profesionais estranxeiros cuxos títulos fosen homologados ou sexan equivalentes a aqueles, sempre que estean recoñecidos e autorizados para traballar en territorio español, sen que poida producirse na súa incorporación ningún tipo de discriminación por motivo de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, lingua ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Teñen tamén dereito a incorporarse ao Colexio os profesionais doutros Estados membros da Unión Europea que, cumprindo as condicións sinaladas anteriormente, estean en posesión de título universitario europeo recoñecido oficialmente polo Estado español, para efectos profesionais, para o exercicio da profesión de enxeñeiro de Armamento e Material, de conformidade co Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

2. Será requisito indispensable para o exercicio privado da profesión de enxeñeiro de armamento e material acharse incorporado ao Colexio, cando así o estableza unha lei estatal.

CAPÍTULO II

Ámbito, fins e funcións do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e MaterialArtigo 5. *Ámbito territorial.*

O ámbito do Colexio abrangue todo o territorio nacional e a súa sede está en Madrid.

Artigo 6. *Fins.*

Son fins esenciais do Colexio:

- a) A ordenación do exercicio da profesión.
- b) A representación institucional exclusiva da profesión de enxeñeiro de Armamento e Material, cando estea suxeita a colexiación obrigatoria.
- c) A defensa dos intereses profesionais dos colexiados.
- d) A protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos colexiados.

Artigo 7. *Funcións.*

Corresponde ao Colexio o exercicio das funcións xerais establecidas no artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais.

Artigo 8. *Portelo único e servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.*

1. O Colexio disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os profesionais poidan realizar os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia.

A través do portelo único, de forma gratuíta, os profesionais poderán:

- a) Obter a información e formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluída a de colexiación.
- c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan consideración de parte, así como recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución destes polo Colexio.
- d) Convocar os colexiados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e pór no seu coñecemento a actividade pública e privada do Colexio profesional.

2. O Colexio, a través do portelo único, ofrecerá de maneira clara, inequívoca e gratuíta ao menos a seguinte información:

- a) O acceso ao rexistro de colexiados.
- b) O acceso ao rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.
- c) O código deontolóxico.
- d) O acceso á memoria anual do Colexio, de acordo co previsto no artigo 11.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.
- e) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios a que os destinatarios dos servizos profesionais poderán dirixirse para recibir información e/ou asistencia.
- f) As vías de reclamación e os recursos que poderán interporse en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.

3. A través do referido portelo único, o Colexio disporá dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios que, necesariamente, tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como as asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

A través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios resolverán sobre a queixa ou reclamación, segundo proceda: ben informando sobre o sistema extraxudicial de

resolución de conflitos ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme co dereito.

CAPÍTULO III

Órganos de goberno e administrativos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material

Artigo 9. *Dirección e administración.*

O Colexio estará rexido e administrado pola Xunta Xeral de colexiados de número, a Xunta de Goberno e o decano.

Sección 1.ª Das xuntas xerais ordinarias e extraordinarias

Artigo 10. *Xunta Xeral.*

A Xunta Xeral é o órgano supremo de expresión da vontade do Colexio, e forman parte dela a totalidade dos colexiados de número. Os acordos da Xunta Xeral obrigan todos os colexiados de número, aínda os ausentes, disidentes ou abstidos, e mesmo os que recorresen contra aqueles, sen prexuízo do que se resolva posteriormente.

Artigo 11. *Funcións.*

Corresponde á Xunta Xeral de colexiados:

- a) O coñecemento e aprobación da memoria anual que a Xunta de Goberno lle someterá, que conterá, ao menos, a información determinada no artigo 11 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e o resumo da súa actuación e a dos demais órganos e comisións do Colexio, así como os acontecementos profesionais de maior relevancia.
- b) A aprobación de orzamentos e das contas anuais, así como das cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, e gastos extraorzamentarios.
- c) A aprobación das normas xerais que deban seguirse nas materias da competencia do Colexio.
- d) A implantación de servizos corporativos e cotas de previsión.
- e) A decisión e discusión sobre os asuntos incluídos na orde do día que se lle sometan, por proposta da Xunta de Goberno ou dun grupo de colexiados que sume, ao menos, o cinco por cento destes.
- f) A elección dos membros da Xunta de Goberno e do decano, cando isto corresponda.
- g) O exercicio do voto de censura a calquera dos membros da Xunta de Goberno e decano. Na petición de censura deberá expresarse se se solicita o cesamento ou non das persoas censuradas
- h) O coñecemento das modificacións dos estatutos para a súa ratificación, se procede.
- i) Todas as demais atribucións que se lle outorguen nestes estatutos.

Artigo 12. *Xunta Xeral ordinaria.*

1. Celebrarase Xunta Xeral ordinaria dentro do primeiro cuadrimestre de cada ano e nela a orde do día debe incluír, ao menos, os seguintes puntos:

- a) Discusión e, se for o caso, aprobación da xestión da Xunta de Goberno no ano anterior, logo de exposición da memoria anual polo decano.
- b) Discusión e, se for o caso, aprobación da conta de ingresos e gastos do ano anterior.

c) Discusión e, se for o caso, aprobación do orzamento presentado pola Xunta de Goberno.

d) Lectura, discusión e, se for o caso, aprobación dos ditames e proposicións que se consignen na orde do día.

e) Rolda de intervencións libres.

f) Renovación de cargos nos anos en que así proceda, conforme o establecido nos artigos 26 a 31 destes estatutos.

2. Non será posible a adopción de acordos respecto de asuntos que non figuren na orde do día.

3. A Xunta Xeral ordinaria convocará por escrito ou por vía telemática os colexiados, e xuntará a orde do día con quince días de antelación. Nos casos de urxencia, que xustificará o decano ante a Xunta Xeral, poderase acurtar o prazo da convocatoria.

Artigo 13. *Xuntas xerais extraordinarias.*

Celebrarase Xunta Xeral extraordinaria, logo de convocatoria cursada polo decano, por iniciativa da Xunta de Goberno ou dun número de colexiados que sume, ao menos, o dez por cento destes. Terá lugar a dita Xunta Xeral no prazo de trinta días hábiles contados desde a data de rexistro de entrada da petición.

A Xunta Xeral extraordinaria convocará por escrito os colexiados, e xuntará a orde do día, con dez días de antelación. Nos casos de urxencia, que xustificará o decano ante a Xunta Xeral, poderase acurtar o prazo da convocatoria, que non poderá ser inferior aos oito días.

Artigo 14. *Constitución das xuntas xerais ordinarias e extraordinarias.*

As xuntas xerais constituiranse en primeira convocatoria, con asistencia de maioría absoluta de colexiados, entre presentes e representados, ou en segunda convocatoria, media hora despois da anunciada, calquera que sexa o número de presentes ou representados.

A Xunta Xeral celebrará as súas sesións presididas polo decano e, na súa ausencia, polo vicedecano e, de non estar este tampouco, polo colexiado de máis idade.

Artigo 15. *Acordos das xuntas xerais.*

Os acordos das xuntas xerais adoptaranse por maioría simple de votos dos colexiados presentes ou representados.

Non obstante, será necesario maioría absoluta para adoptar acordos sobre:

- a) Modificación dos estatutos.
- b) Alleamento ou disposición de bens inmobles ou daqueloutros que teñan un valor igual ou superior a sesenta mil euros.
- c) Nomeamento de colexiados de honra.
- d) Voto de censura.

Artigo 16. *Delegación do voto.*

Os colexiados que residan fóra da poboación sede do Colexio ou que non poidan asistir ás xuntas xerais por causa xustificada poderán delegar o seu voto, para os fins non comprendidos nos artigos 29 e 47 destes estatutos, noutro colexiado asistente á Xunta Xeral. As delegacións deberán figurar na secretaría do Colexio, con fins de control, ao menos unha hora antes da sinalada para o comezo da reunión.

Artigo 17. *Votacións.*

As votacións serán xeralmente ordinarias, nominais se así o solicitan dez asistentes, e secretas cando o pidan cinco asistentes, cando o determine o decano ou cando afecten o decoro dos colexiados.

Sección 2.ª Da Xunta de Goberno

Artigo 18. *Xunta de Goberno.*

A dirección, administración e xestión do Colexio realizaraa a Xunta de Goberno, subordinando a súa actuación á regulamentación contida nestes estatutos, así como aos acordos da Xunta Xeral.

A Xunta de Goberno estará constituída polo decano, o vicedecano, o secretario xeral, o interventor e un vogal por cada vinte colexiados ou fracción de vinte, sen que nunca exceda dez o número destes vogais.

Artigo 19. *Atribucións da Xunta de Goberno.*

Corresponden á Xunta de Goberno as funcións xerais recollidas no artigo 7 e, especialmente, as seguintes:

- a) Asumir a representación da personalidade xurídica do Colexio, coas facultades de delegar e apoderar.
- b) Dirixir e vixiar o cumprimento destes estatutos e das funcións corporativas.
- c) Resolver sobre a admisión dos enxeñeiros que, de acordo co artigo 4, soliciten incorporarse ao Colexio.
- d) Facilitar aos tribunais, conforme as leis, a relación dos colexiados forenses que deban intervir como peritos nos asuntos xudiciais, tanto civís como penais.
- e) Oír os colexiados nas súas reclamacións, asesoralos nas que formulen e representalos, se for necesario, ante particulares, autoridades ou tribunais de xustiza.
- f) Emitir informes nos casos previstos nos regulamentos ou cando sexa requirido o Colexio para que exprese a súa opinión como tal corporación.
- g) Designar as comisións ou ponencias encargadas de preparar ditames, informes ou estudos, ou de ditar os laudos ou arbitraxes, así como a designación de representantes do Colexio ante os tribunais, xurados ou outros ámbitos.
- h) Elaborar a memoria anual, que deberá facerse pública a través da páxina «web» do Colexio, no primeiro semestre de cada ano e ser sometida á aprobación da Xunta Xeral ordinaria e que debe incluír, ao menos, a información seguinte:

1.º Informe anual de xestión económica, incluídos os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

2.º Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

3.º Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, se for o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

4.º Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se for o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

5.º Os cambios no contido do código deontolóxico.

6.º As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das Xuntas de Goberno.

7.º Información estatística sobre a actividade do visado.

- i) Aprobar o proxecto de orzamento e canto concirne a xestión económica do Colexio.
- j) Vixiar o desenvolvemento do orzamento.
- k) Nomear e separar o persoal administrativo do Colexio.
- l) Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno.
- m) Acordar a celebración de xuntas xerais tanto ordinarias como extraordinarias.
- n) Participar nos procedementos de elaboración de disposicións de carácter xeral que afecten a profesión, a través do trámite de audiencia.
- ñ) Organizar, se for o caso, as delegacións territoriais que puideren considerarse convenientes, con funcións delegadas da Xunta de Goberno do Colexio.
- o) Manter actualizada a lista de colexiados, para cuxo fin confeccionará o anuario de colexiados.
- p) Velar pola boa conduta profesional dos colexiados.
- q) Encargarse do cobramento dos honorarios profesionais no caso de que os colexiados soliciten este servizo.
- r) Todas as demais atribucións que lle sexan asignadas nos presentes estatutos ou pola Xunta Xeral.

Artigo 20. *Reunións da Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno reunirse obrigatoriamente unha vez dentro de cada trimestre natural. Tamén se reunirá cando o indique o decano e cando o solicite unha terceira parte dos seus compoñentes.

2. As convocatorias faranse por escrito, ás cales se xuntará a orde do día, con dez días de antelación. En casos de urxencia, poderá convocarse a reunión verbalmente.

3. A asistencia ás reunións da Xunta de Goberno é obrigatoria e só poderán excusarse os seus membros por motivos de enfermidade ou outra causa que, a xuízo da Xunta de Goberno, se considere xustificada.

4. Se non asiste o decano presidirá o vicedecano e, na súa falta, o vogal de máis idade.

5. As decisións da Xunta de Goberno serán aprobadas por maioría simple e o voto do decano será de calidade. Os acordos consignaranse nas oportunas actas. As actas poderanse aprobar ao finalizar cada sesión ou na reunión seguinte do mesmo órgano.

6. Cando a índole dalgún dos temas que se traten o aconselle, poderán invitarse persoas alleas á Xunta de Goberno a informar sobre os temas pendentes, as cales abandonarán a reunión para posterior deliberación dos membros da Xunta de Goberno.

Sección 3.ª Do decano e outros cargos da Xunta de Goberno

Artigo 21. *Decano.*

1. Corresponde ao decano a presidencia e a representación oficial do Colexio en todas as súas relacións coas autoridades, corporacións, tribunais e particulares, sen prexuízo de que en casos concretos poida tamén a Xunta de Goberno, en nome do Colexio, encomendar a representación deste a determinados colexiados ou comisións constituídas para o efecto.

O decano presidirá as xuntas xerais, as sesións da Xunta de Goberno e todas as comisións a que asista. Así mesmo, correspóndelle facer cumprir os acordos da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno.

Estará facultado para ordenar pagamentos e estender poderes.

2. En caso de ausencia, enfermidade, imposibilidade ou morte, será substituído polo vicedecano e, na súa falta, polo membro de máis idade da Xunta de Goberno.

3. Así mesmo, o decano poderá propor á Xunta de Goberno a designación provisional de vogais para cubrir os cargos vacantes producidos nela, até que se realice a elección correspondente.

Artigo 22. *Vicedecano.*

O vicedecano substituirá o decano en caso de ausencia, enfermidade, imposibilidade ou morte, e levará a cabo todas aquelas funcións que, dentro da orde colexial, delegue nel o decano.

Artigo 23. *Secretario xeral.*

Corresponde ao secretario xeral do Colexio:

- a) Preparar a relación de asuntos que deban servir ao decano para determinar a orde do día de cada convocatoria da Xunta de Goberno.
- b) Convocar, por orde do decano, as reunións das xuntas xerais, Xunta de Goberno e comisións.
- c) Redactar as actas e dar validez coa súa sinatura e o visto e prace do decano, se for o caso, dos acordos.
- d) Expedir as certificacións de oficio ou por instancia de parte interesada.
- e) Expedir e tramitar comunicacións e documentos e dar conta destes ao decano.
- f) Levar os libros de actas das reunións e o libro rexistro dos colexiados, custodiar o selo e a documentación do Colexio.
- g) Exercer a xefatura do persoal administrativo e subalterno necesario para a realización das tarefas colexiais.
- h) Cumprir e colaborar estreitamente co decano para facer cumprir as súas decisións e os acordos das xuntas.
- i) Exercer cantas outras funcións non estean especialmente atribuídas aos demais compoñentes da Xunta de Goberno e lle sexan encomendadas pola propia Xunta.

Artigo 24. *Interventor.*

Corresponde ao interventor do Colexio, en colaboración co secretario:

- a) Preparar o proxecto de orzamento.
- b) Intervir todas as actividades económicas do Colexio.
- c) Fiscalizar a xestión económica.

Artigo 25. *Remuneracións dos membros da Xunta de Goberno.*

Todos os cargos da Xunta de Goberno son honoríficos e non poden percibir polo seu exercicio remuneración ningunha.

Non obstante, a Xunta Xeral poderá acordar, se as circunstancias así o aconsellan, a concesión da gratificación que considere oportuna a aqueles dos seus membros que, pola misión que se lles asigne, teñan necesidade de prestar unha dedicación continuada á xestión dos asuntos colexiais.

Sección 4.^a Da renovación dos cargos da Xunta de Goberno

Artigo 26. *Renovación dos cargos da Xunta de Goberno.*

1. Os cargos da Xunta de Goberno serán renovados por metade cada dous anos. A renovación do decano, interventor e metade dos vogais nunha quenda, e a do vicedecano, secretario e a outra metade dos vogais, na seguinte.

2. Todos os cargos da Xunta de Goberno son reelixibles. A provisión destes cargos efectuará a Xunta Xeral de colexiados mediante elección que se celebrará no primeiro semestre dos anos pares. Nelas terán dereito de voto aqueles que teñan a condición de

colexiado no momento da elección e que estean en pleno desfrute dos seus dereitos colexiais.

Bastará para ser elixido a obtención da maioría simple de votos válidos, segundo se establece nestes estatutos.

Artigo 27. *Presentación de candidaturas.*

Poderán ser candidatos á Xunta de Goberno todos os colexiados de número exercentes, residentes ou non na poboación sede do Colexio, sempre que non estean incurso en prohibición legal ou estatutaria e que sexan propostos por un mínimo de dez colexiados de número con dereito a voto, en escrito dirixido á Xunta de Goberno antes do día 10 de decembro previo á celebración das eleccións.

En caso de non teren sido propostos os candidatos necesarios para cubrir os postos vacantes, a Xunta de Goberno completará a candidatura e propondrá os colexiados que considere máis idóneos.

Artigo 28. *Mesa electoral.*

A mesa electoral estará constituída polo decano e polo secretario xeral da Xunta de Goberno, ou por aqueles que regulamentariamente os substitúan, e tres interventores, que serán o elector de maior idade e o máis novo que estean presentes no momento de comezar a elección, e outro nomeado libremente polo decano.

Artigo 29. *Votación.*

O Colexio enviará a cada colexiado unha circular convocatoria coa lista dos candidatos presentados, unha papeleta de voto e un sobre. O elector que non vaia estar presente na elección introducirá a papeleta co seu voto no sobre, pecharao e porá na súa lapela o seu nome e a súa sinatura. Enviará o sobre ao Colexio ou entregarao persoalmente nel. Estes sobres terán que ter entrada no Colexio non máis tarde de cinco horas antes de empezar as eleccións. Os recibidos posteriormente serán considerados nulos e destruíranse sen abrir.

Constituída a mesa electoral, serán recoñecidas as sinaturas dos sobres e abríranse, e o presidente depositará as papeletas de voto nas urnas.

Se o elector asiste persoalmente á elección, poderá depositar por si mesmo o seu voto na urna, logo de recoñecemento da súa identidade.

Artigo 30. *Escrutinio.*

Efectuado o escrutinio pola mesa electoral, levantarase a acta de resultados, que se sentará no libro de actas do Colexio, e serán destruídas as papeletas de voto emitidas.

Artigo 31. *Toma de posesión.*

Dentro dos quince días seguintes a aquel en que se realice a elección, celebrarase Xunta de Goberno, na cal tomarán posesión dos seus cargos os novos compoñentes e cesarán os precedentes.

No prazo de cinco días despois de constituída a Xunta de Goberno, deberá comunicarse a composición desta ao Ministerio de Defensa.

CAPÍTULO IV

Réxime económico do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material

Artigo 32. *Recursos ordinarios.*

Constitúen os recursos ordinarios do Colexio:

- a) As cotas periódicas dos colexiados.
- b) Os dereitos de incorporación dos colexiados. A cota de inscrición en ningún caso poderá superar os custos asociados á tramitación da inscrición.
- c) Os dereitos por visado de traballos, cuxo custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio, nos termos previstos no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.
- d) Os beneficios que se obteñan por venda de publicacións, selos ou impresos que teña autorizados o Colexio.

Artigo 33. *Recursos extraordinarios.*

Estarán constituídos por:

- a) As subvencións, donativos, herdanzas ou legados que outorguen o Estado, comunidades autónomas, entidades locais, corporacións oficiais, entidades privadas ou particulares.
- b) O produto do alleamento dos seus bens, acordado en Xunta Xeral.
- c) As cotas extraordinarias que poida establecer a Xunta Xeral.
- d) As cantidades que, por calquera outro concepto non especificado, poida percibir o Colexio.

CAPÍTULO V

Dos colexiados

Artigo 34. *Clases de colexiados.*

1. O Colexio estará constituído por dúas clases de colexiados: colexiados de honra e colexiados de número.
2. O título de colexiado de honra concederá a Xunta Xeral por proposta da Xunta de Goberno e outorgarase a aquelas persoas de extraordinario mérito en actividades propias do Colexio ou da profesión.
3. Para ser colexiado de número é preciso estar en posesión do título de enxeñeiro de Armamento e Material ou dalgún equivalente estranxeiro, recoñecido polo Estado español, de acordo co establecido no artigo 4 destes estatutos.

Artigo 35. *Adquisición da condición de colexiado.*

1. Quen teña a titulación requirida segundo a autoridade académica terá dereito a ser admitido no Colexio.
2. O acceso e exercicio da profesión de enxeñeiro de armamento e material réxese polo principio de igualdade de trato e non discriminación, nos termos recollidos na Constitución española e no artigo 15 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.
3. O título de colexiado de honra confire ás persoas que o obtiveron o dereito de pertencer ao Colexio sen estar obrigados a pagar os dereitos de incorporación, nin as cotas periódicas.
4. Os enxeñeiros que soliciten a súa inscrición no Colexio dentro do ano en que finalizaron os seus estudos poderán colexiarse sen pagar dereitos de inscrición. Os enxeñeiros que non se incorporasen ao Colexio cando finalizaron os seus estudos ou aqueles que non o fixeron ao constituírse o Colexio virán obrigados a satisfacer os dereitos de inscrición que periodicamente fixe a Xunta Xeral por proposta da de Goberno. Estes dereitos de inscrición non superarán os custos asociados á tramitación da inscrición.
5. O ingreso no Colexio solicitarase ben por escrito dirixido á Xunta de Goberno, xuntando á solicitude copia autenticada do título profesional ou o recibo acreditativo de ter satisfeito os dereitos para a obtención dos títulos que en principio dan dereito a formar parte do Colexio, ou a través do portelo único, nos termos que se expresan no artigo 8 destes estatutos. As solicitudes de incorporación serán aprobadas pola Xunta de Goberno

no prazo de tres meses desde a data de rexistro de entrada da solicitude e só poderán ser suspendidas ou denegadas por ela, logo das dilixencias e informes que procedan, da audiencia ao interesado e mediante resolución motivada, contra a que caberán os recursos procedentes.

6. Os enxeñeiros que desexen reingresar no Colexio estarán obrigados a satisfacer os dereitos de inscrición fixados pola Xunta Xeral, por proposta da de Goberno, que, en ningún caso, poderán ser superiores á cota de incorporación para os novos colexiados.

7. As persoas procedentes doutro Estado membro da Unión Europea que desexen exercer a súa profesión dentro do campo de actividade da profesión de enxeñeiro de Armamento e Material en territorio español deberán realizar os trámites de recoñecemento da súa titulación ou cualificación profesional a través do Ministerio de Defensa, conforme as disposicións e os procedementos establecidos no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño.

Como establece o artigo 14 do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, para a inscrición temporal no Colexio das persoas procedentes doutro Estado membro da Unión Europea que desexen exercer a súa profesión dentro do campo de actividade da profesión de enxeñeiro de armamento e material en territorio español, será suficiente a recepción no Colexio dunha copia da documentación preceptiva para exercer a prestación de servizos en España remitida polo Ministerio de Defensa.

Artigo 36. *Perda da condición de colexiado.*

A baixa no Colexio producirase:

- a) Por petición do colexiado.
- b) Por sanción disciplinaria do Colexio.
- c) Por falecemento.
- d) Por sentenza xudicial firme de inhabilitación para exercer a profesión.

CAPÍTULO VI

Deontoloxía, ética profesional e réxime disciplinario

Artigo 37. *Deberes.*

Son obrigacións dos colexiados de número as seguintes:

- a) Cumprir estritamente cantas prescricións conteñen estes estatutos, así como os acordos que adopte o Colexio, con suxeición a estes.
- b) Someter ao visado e rexistro do Colexio a documentación e traballos de carácter profesional que presenten nas dependencias da Administración do Estado, autonómica ou local ou outros organismos de carácter oficial ou que realicen para empresas ou particulares, nos termos previstos no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto.
- c) Delegar ou asistir aos actos corporativos.
- d) Desempeñar as funcións que lles encomenden os órganos de goberno do Colexio.
- e) Pagar as cotas e taxas que fosen aprobadas para o sostemento do Colexio ou para fins de previsión.
- f) Observar, con respecto aos órganos de goberno do Colexio e aos enxeñeiros colexiados, un comportamento digno e harmonía profesional.
- g) A conduta dos colexiados en materia de comunicacións comerciais axustarase ao disposto na lei, coa finalidade de salvagardar a independencia e integridade da profesión, así como, se for o caso, o segredo profesional.
- h) Pór á disposición dos destinatarios toda a información exigida no artigo 22 da Lei 17/2009, do 23 de novembro.
- i) En ningún caso os colexiados poderán obrigar o seu cliente a visar un traballo profesional, salvo nos casos en que sexa obrigatorio en virtude do disposto no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto.

Artigo 38. Dereitos.

Todos os Colexiados de número terán dereito a:

- a) Participar no uso e desfrute dos bens do Colexio e aos servizos que este teña establecido na forma que determine a Xunta de Goberno ou a Xunta Xeral.
- b) Tomar parte nas deliberacións e votacións que nestes estatutos se prevexan.
- c) Colaborar nas actividades para as cales sexan solicitados ao Colexio por entidades oficiais e particulares.
- d) Seren representados e apoiados pola Xunta de Goberno nas súas xustas reclamacións e nas negociacións motivadas por diferenzas que xurdan con ocasión do exercicio profesional, sempre que exista o oportuno apoderamento ou contrato de mandato, alcanzando esta representación e apoio ante calquera autoridade administrativa ou gobernativa, e mesmo ante os tribunais de xustiza, se isto for necesario. Neste último caso, sen prexuízo da necesaria representación procesual, cando sexa exixible.
- e) Ser atendidas as queixas ou reclamacións que eles presenten ao Colexio, as cales poden ser presentadas por vía electrónica e a distancia.
- f) Non ser discriminados na participación, así como no uso e desfrute dos dereitos, servizos e calquera outro tipo de vantaxes derivadas da condición de Colexiado.

Artigo 39. Visados.

1. O Colexio visará os traballos profesionais dos Colexiados nos termos previstos na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto.

2. O visado é un acto de control profesional que comprenderá, como mínimo, a comprobación dos seguintes aspectos:

- a) A identidade e habilitación profesional do autor do traballo.
- b) A corrección e integridade formal da documentación integrante deste, de acordo coa normativa aplicable ao traballo de que se trate.

3. Con independencia dos contidos mínimos do obxecto do visado expresados anteriormente, o visado dos traballos profesionais incluírá e/ou terá en conta, se for o caso, tamén:

- a) Que, cando o visado sexa preceptivo, o seu custo sexa razoable, non abusivo nin discriminatorio, e se fagan públicos os prezos dos visados.
- b) Informarse de que, en caso de danos derivados do traballo profesional, obxecto do visado dos cales, se for o caso, resulte responsable o seu autor, o Colexio de Enxeñeiros de Armamento e Material responderá, civil e subsidiariamente, dos danos que teñan a súa orixe en defectos que deberían ter sido postos de manifesto polo Colexio e que garden relación directa cos elementos obxecto do visado concreto.

Artigo 40. Faltas e sancións.

1. A Xunta de Goberno poderá acordar a imposición de sancións aos seus Colexiados polos actos que realicen ou omisións en que incorran no exercicio da súa profesión, cando estes estean tipificados como falta nestes estatutos.

Con carácter subsidiario, será de aplicación o título preliminar, capítulo III, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á potestade sancionadora.

2. Considéranse faltas leves as seguintes:

- a) O menosprezo manifesto das funcións desempeñadas por un compañeiro ou membro da Xunta de Goberno.
- b) A comisión de incorreccións de carácter leve nos traballos profesionais.
- c) A non aceptación de maneira inxustificada dos cargos corporativos que se lle propoñan.

3. Considéranse faltas graves:
 - a) Non someter ao visado colexial os traballos que sexan preceptivos, segundo o previsto no artigo 13.1 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto.
 - b) Vulnear a obrigación de pór á disposición dos destinatarios dunha prestación de servizos a información exigida no artigo 22.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro.
 - c) Ocultar datos que o Colexio necesite para exercer as súas funcións.
 - d) Incumprir as normas establecidas nestes estatutos e nos acordos adoptados polos órganos reitores do Colexio.
 - e) Non pagar dúas cotas colexiais consecutivas.
 - f) Os actos ou omisións que constitúan unha discriminación no disfrute dos dereitos, servizos e calquera outro tipo de vantaxes derivadas da condición de colexiado.
4. Considéranse faltas moi graves:
 - a) O impagamento de tres cotas colexiais, logo de apercibimento por parte do Colexio.
 - b) O incumprimento de deberes profesionais inescusables que non obedeza a un descoido circunstancial.
 - c) O dano ou prexuízo grave a clientes ou usuarios.
 - d) Realizar traballos sen a preparación ou cualificación debidamente recoñecida, que poida pór en perigo os destinatarios destes ou terceiros.
 - e) O incumprimento das normas de conduta establecidas no artigo 38 destes estatutos.
 - f) A comisión de delito, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión, declarado por sentenza firme.
5. As sancións que poderán imporse aos colexiados por faltas leves serán as seguintes:
 - a) Amoestación privada.
 - b) Apercibimento por escrito.
6. A sanción por falta grave suporá a suspensión no Colexio por un prazo inferior a un ano.
7. A sanción por falta moi grave suporá a suspensión da colexiación do inculpado por un período mínimo dun ano e máximo de tres, ou a expulsión do Colexio.

Artigo 41. *Imposición de sancións e tramitación de expedientes.*

1. As sancións por faltas leves poderá impolas a Xunta de Goberno sen a formación previa do expediente que se prevé a continuación, e dará, en todo caso, audiencia ao interesado, na cal se farán saber os feitos que se lle imputan e as probas en que se basean.

Todas as demais sancións deberán ir precedidas de expediente, instruído por un membro da Xunta, máis antigo que o encartado, na posesión do título de enxeñeiro. O procedemento polo cal se impoña a sanción non terá unha duración superior a tres meses.

2. O expediente incoarao a Xunta de Goberno do Colexio, por iniciativa propia ou por denuncia allea, sinalará, en calquera caso, as presuntas faltas e xuntará as probas oportunas.

3. Se a Xunta de Goberno considera que os feitos obxecto de expediente revisten unha extraordinaria gravidade, poderá acordar a suspensión provisional da colexiación do inculpado, mediante resolución motivada e logo da audiencia do interesado.

Esta suspensión poderá prolongarse até que conclúa o expediente disciplinario e se adopte unha resolución firme ao respecto. A dita suspensión non poderá ser superior a tres meses.

4. A Xunta de Goberno do Colexio dará traslado do citado expediente ao instrutor, cuxo nomeamento corresponde á propia Xunta de Goberno.

5. O suposto responsable da falta ten dereito a ser notificado da incoación do expediente disciplinario, dos feitos que se lle imputan, das infraccións que tales feitos poden constituír e das sancións que, se for o caso, se poidan impor, da identidade do instrutor, da autoridade competente para impor a sanción e da norma que atribúa tal competencia.

Igualmente, ten dereito a formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

6. Dentro do prazo de quince días seguintes á conclusión das actuacións, e á vista destas, o instrutor formulará a correspondente proposta de resolución.

Esta proposta de resolución fixará con precisión os feitos imputados ao inculpado e expresará a falta supostamente cometida e as sancións que se propón impor, con cita concreta do precepto estatutario aplicable.

7. Desta proposta de resolución darase traslado ao inculpado para que, no prazo improrrogable de quince días, poida alegar canto considere conveniente na súa defensa.

8. Concluída a instrución do expediente disciplinario, o instrutor dará conta da súa actuación e remitirá o expediente á Xunta de Goberno do Colexio para que esta adopte a decisión que considere oportuna.

9. A resolución deberá ser acordada na primeira Xunta de Goberno do Colexio que se celebre desde a recepción da proposta do instrutor, terá que ser motivada, resolverá todas as cuestións formuladas no expediente e non poderá versar sobre feitos distintos que os que serviron de base á proposta de resolución.

Esta resolución, que deberá ser notificada ao interesado, expresará os recursos que procedan contra ela, os órganos colexiais ou xudiciais ante os que deben presentarse e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro que considere oportuno.

En caso de que non se dite resolución expresa dentro do prazo de tres meses desde que se iniciou o procedemento, producirase a súa caducidade e archivaranse as actuacións.

10. No suposto de que a posible falta fose cometida por algún membro da Xunta de Goberno do Colexio, este absterase de participar nas deliberacións e votacións destes órganos.

11. Todas as deliberacións ao respecto da Xunta de Goberno do Colexio serán secretas.

Artigo 42. *Prescripción de faltas e sancións.*

1. As faltas leves prescribirán aos seis meses, contados a partir do día seguinte á data da comisión dela. As sancións polas faltas leves prescribirán aos seis meses, contados a partir do día seguinte en que se fixo firme a sanción.

2. Para as faltas tipificadas como graves e as sancións correspondentes, os tempos de prescripción serán dun ano.

3. De igual maneira, para as faltas e sancións tipificadas como moi graves, os tempos de prescripción serán de dous anos. Nos casos de expulsión do Colexio, o tempo de prescripción será de cinco anos.

4. O prazo de prescripción da falta comezará a contar a partir da data da súa comisión, e o das sancións, desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución sancionadora ou se quebrante o cumprimento da sanción, se tiver comezado.

Os prazos de prescripción interromperanse pola iniciación do procedemento sancionador ou de execución, respectivamente. O prazo restablecerase se o procedemento está paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto infractor.

Artigo 43. Anotación e cancelación de sancións.

1. As sancións firmes impostas aos colexiados serán anotadas no seu expediente persoal, con indicación das faltas que as motivaron.

2. A cancelación da nota sancionadora producirase nos seguintes prazos contados a partir do cumprimento da sanción:

- a) En caso de falta leve, ao ano.
- b) En caso de falta grave, aos dous anos.
- c) En caso de falta moi grave, aos catro anos.
- d) En caso de expulsión, aos cinco anos.

Artigo 44. Recursos.

Contra a resolución en que se acorde a suspensión provisional da colexiación ou as sancións impostas pola Xunta de Goberno poderá interperse recurso potestativo de reposición ante a dita xunta ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO VII

Réxime dos actos colexiais**Artigo 45. Recursos contra os actos colexiais.**

Os actos emanados dos órganos de goberno e administrativos do Colexio, en canto estean suxeitos a dereito administrativo, serán impugnables potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 46. Nulidade e anulabilidade.

Os actos dos órganos colexiais serán nulos de pleno dereito ou anulables, conforme o establecido nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

CAPÍTULO VIII

Da disolución do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armamento e Material**Artigo 47. Disolución e liquidación.**

1. O Colexio poderá disolverse cando o acorden catro quintas partes dos colexiados por votación directa, sen admitirse delegación de votos, en Xunta Xeral extraordinaria convocada especialmente para este obxecto.

2. No caso anterior e naqueles en que por causa distinta á vontade do Colexio sexa este disolto, o Colexio acordará o nomeamento de liquidadores para que, unha vez satisfeitas as obrigacións sociais, se dedique o sobrante aos fins benéficos sociais, culturais ou profesionais que determine o dito Colexio.